

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
99999999	DLG Conselleria de Educación	Santiago de Compostela	2025/2026

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

## 1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oríentase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria establece, ademais dos obxectivos propios da materia, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar na etapa e en cada nivel, e aparecen distribuídos en catro bloques.

Nesta proposta didáctica de 1º curso os catro bloques concrétnanse en nove unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuírá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas dúas primeiras unidades de cada trimestre trátanse contidos dos catro bloques, mentres que a última de cada un deles se dedicará a realizar un proxecto didáctico sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación didáctica da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa. Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Tendo en conta este marco, a proposta para o primeiro trimestre consistirá nun proxecto centrado na lusofonía (grafemas, dígrafos e expresións cotiás básicas da lingua portuguesa) e nos países lusófonos (localización, costumes, hábitos...).

No segundo trimestre a atención recaerá nas mensaxes e contidos que se difunden a través dos medios de comunicación e das redes sociais. Ao ser o inicio da adolescencia unha etapa especialmente vulnerable, é moi importante que o alumnado destas idades desenvolva o seu espírito crítico e tome consciente dos riscos da Rede e do uso dalgúns destes medios.

As últimas semanas do curso destinaranse a preparar unha representación teatral, entendida esta como unha actividade lúdica que non só axudará a presentar os trazos do xénero dramático e a mellorar a competencia comunicativa do alumnado, senón tamén a potenciar a súa creatividade e o seu talento artístico.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase un poemario; no segundo, unha obra narrativa; e no terceiro, unha peza teatral.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A grúa	<p>O coñecemento dos elementos que interveñen en calquera proceso comunicativo será o punto de partida para presentar unha das secuencias textuais máis básicas, a dialogada, e tamén algúns xéneros discursivos propios do ámbito persoal, particularmente, a presentación persoal e a conversa. Así mesmo, a análise e produción deste tipo de textos facilitará a abordaxe doutro aspecto importante da unidade, as diferenzas máis relevantes entre a lingua oral e a lingua escrita.</p> <p>Por outra banda, o desenvolvemento desta programación debe contemplar o protagonismo do alumnado e facelo partícipe, en primeira persoa, de contidos que terán continuidade noutras unidades do curso ou en niveis superiores. Neste sentido, é fundamental que as alumnas e os alumnos rexistren a súa experiencia na aprendizaxe de linguas (presentación da súa biografía lingüística) e vaian perfilando a súa identidade lectora e gustos literarios (obradoiro de poesía).</p> <p>A avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso.</p>	10	10	X		
2	O ourizo	<p>A segunda unidade centrarase nas secuencias textuais descritivas e na descrición de obxectos, elementos da natureza, animais e persoas. Exporanse os trazos máis salientables desta tipoloxía textual e redactaranse descricións (persoas, animais, obxectos, paisaxes) nas que se identifiquen as características propias deste xénero. En canto aos contidos literarios, cumprirá analizar e avaliar a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre, un poemario (o sentido global, a temática, os recursos).</p> <p>Por outra banda, o coñecemento das familias lingüísticas do mundo e de trazos básicos dalgunhas linguas, con especial atención ás do alumnado foráneo (as fórmulas de saúdo e despedida, de agradecemento e desculpa e os sistemas de escritura), será o punto de partida para afondar nalgunhas das unidades comunicativas mínimas do galego, concretamente, no son (sistema vocálico e consonántico) e no sistema de escritura</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O ourizo	(soletreo dos grafemas, dígrafos e regras de acentuación básicas).	10	11	X		
3	O bacallau	<p>Nesta unidade realizarase unha primeira aproximación ao coñecemento e a valoración das linguas da Península Ibérica, particularmente do portugués, a través nun proxecto monográfico sobre a lusofonía. Trataranse contidos relacionados cos países de lingua portuguesa e nocións lingüísticas básicas. A lectura dalgúns fragmentos literarios en portugués servirá para coñecer algunhas autoras e autores do ámbito lusófono e para exemplificar os contidos estudados (sistema ortográfico, expresións básicas da vida cotiá...).</p> <p>O desenvolvemento deste proxecto incluírá, ademais, a abordaxe das secuencias textuais expositivas co fin de preparar o alumnado para que elabore unha exposición sobre algún dos aspectos máis salientables da unidade. Tamén se proporán outras actuacións como un intercambio físico ou virtual con alumnado dun centro luso, un vídeo de presentación das vilas do alumnado dos dous centros e unha convocatoria dun concurso de Mail Art con mensaxes de felicitación de Nadal.</p>	15	14	X		
4	O esquío	<p>O inicio ao estudo dalgúns aspectos básicos do éuscaro (localización xeográfica, grafías, fórmulas de saúdo, de despedida e de agradecemento e desculpa) será o contido máis singular da unidade. Non obstante, o maior protagonismo terano as secuencias textuais narrativas. Aproveitarase o estudo deste tipo de textos para afondar no emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma e dous puntos). En canto á reflexión lingüística, atenderase aos procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, abordarase a análise do libro da narrativa xuvenil actual, e algún fragmento do ámbito lusófono, e recoñeceranse nestes textos as principais características do xénero narrativo. Tamén se establecerán vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e os aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.</p>	10	8		X	
5	A pomba	Nesta unidade, ademais de iniciar o estudo dalgúns trazos básicos do catalán, porase o foco na produción de cartas (formais e	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A pomba	<p>informais). Incidirase na revisión e corrección lingüística destas e doutros textos, con especial atención á conxugación verbal e á correlación temporal dos verbos nos discursos relatados. Por outra banda, a reflexión lingüística xirará tamén arredor da incorporación de procedementos que contribúan a enriquecer os textos (precisión léxica, corrección gramatical...) e emendar erros a través de distintos recursos (dicionarios, manuais de consulta, procesadores de texto e correctores ortográficos).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, analizarase e avaliarase a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual (o sentido global, a temática etc.) e poranse en práctica estratexias para expresar a experiencia lectora e recomendar lecturas, o que se concretará na gravación dun booktrailer sobre a dita obra.</p>	10	12		X	
6	A rula	<p>Esta unidade desenvolverase a través dun proxecto centrado nos xéneros discursivos propios do ámbito social que se difunden nas redes sociais e nos medios de comunicación (mensaxes instantáneas, correos electrónicos, comentarios dun blog, noticias). O obxectivo non só é coñecer as súas características formais senón tamén analizar os seus contidos desde un punto de vista crítico. A partir desta análise, o alumnado producirá os seus propios textos que serán presentados na aula virtual. Entre as actividades que se realizarán está un traballo de investigación sobre as redes sociais no que se responderá a preguntas como: que son?, como se orixinaron?, para que serven?, cales son as súas vantaxes e inconvenientes? etc. Tamén se elaborará un díptico en formato dixital que inclúa información sobre os perigos da Rede e recomendacións para evitalos. Por último, gravaranse pímulas informativas nas que se exemplifiquen e rexeiten usos discriminatorios da linguaxe e abusos a través da palabra.</p>	10	13		X	
7	A pega	<p>O coñecemento e a identificación de fenómenos dialectais (seseo, gheada...) característicos da contorna do centro (Bueu, o Morrazo) será o punto de partida para desterrar posibles prexuízos do alumnado e reflexionar sobre a riqueza lingüística da lingua galega. No entanto, o eixe da unidade serán os</p>	10	9			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A pega	xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a súa planificación, textualización, revisión e corrección lingüística de textos en distintos soportes. Realizaranse actividades de subliñado, resumo e esquematización de textos non académicos relacionados coa ecoloxía. A respecto dos contidos literarios, alén de comezar a lectura da obra teatral obrigatoria e dalgún fragmento do ámbito lusófono, tamén se proporá crear, a partir de modelos dados e a través de procedementos de imitación, un álbum ilustrado colectivo no que debe estar presente a temática ambiental. O coñecemento e a identificación das principais funcións sintácticas (SUX, PDO, CD, CI e CC) completarán a materia da unidade.	10	9			X
8	A lagarta	Nesta unidade concretaranse algúns prexuízos que lle afectan ao galego, en particular os relativos á utilidade da lingua galega fóra de Galicia. Ademais de abordar as causas que subxacen nesta consideración, cumprirá incidir nos argumentos para contrarrestalos. No que se refire á literatura comentarase e analizarase desde unha perspectiva de xénero o libro de lectura obrigatoria do trimestre (peza teatral). Identificaranse e cuestionaranse, neste e outros textos, situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, hábitos sexistas etc. En canto á reflexión lingüística a atención estará posta na palabra, na súa forma (mudanzas gramaticais a través de distintos procedementos de formación de palabras) e no seu significado (coñecemento e identificación das categorías gramaticais...). A detección e corrección de castelanismos léxicos frecuentes en textos do ámbito persoal, social e académico tamén será un dos contidos salientables que se tratarán na unidade.	10	8			X
9	A xoaniña	A última unidade do curso concretarase nun proxecto monográfico que partirá da lectura da obra teatral obrigatoria do trimestre e rematará coa representación desta. A actividade servirá para mellorar a lectura expresiva e dramatizada atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados, e contribuirá, asemade, ao desenvolvemento do talento artístico do alumnado. Tamén se tratarán	15	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A xoaniña	aspectos teóricos (características do xénero dramático, vínculos entre a obra e algúns tópicos literarios) e se elaborará un xogo interactivo de preguntas e respostas sobre a obra, o/a autor/a, o contexto histórico etc. En función do número de alumnas e alumnos da aula, poderase propor a constitución de varios grupos que escenifiquen distintas partes da obra, ou ben, se a extensión da peza o permite, poderá ser representada integramente por grupos diferentes. A peza levarase á escena a final de curso no centro e/ou tamén para alumnado da etapa de educación primaria.	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A grúa	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	50
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística indicando que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...	TI	50
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	En grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresando a súa opinión sobre un poema da súa elección e colaborando na escrita dun poema colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e desculpa.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	O ourizo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece nun mapamundi as principais familias lingüísticas e as linguas do mundo identificando algúns sistemas de escritura destas.	PE	75
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, seleccionando unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explicando o motivo da súa escolla.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Soletrea os grafemas e os dígrafos do galego aplicando correctamente as regras de acentuación básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O bacallau	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Presenta un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	TI	100
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos identificando no seu borrador a estrutura e as características lingüísticas do texto expositivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de intercambio co centro luso: encontro virtual, presentación da súa vila, concurso de Mail Art.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O esquío	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo e de despedida, de agradecemento e desculpa etc.).	PE	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Emprega correctamente os signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos) detectando erros relativos ao seu emprego.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Establece vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e os aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
5	A pomba	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoo en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece algúns aspectos básicos do catalán (localización xeográfica...) e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúde, despedida, agradecemento e desculpa etc.).	PE	60
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Usa coherentemente as formas verbais recoñecendo erros relativos á correlación temporal dos verbos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais solucionándoo e explicándoo cunha metalinguaxe específica.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Interpreta o sentido global (información relevante, a intención da persoa emisora...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.	TI	40
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Escríbelle unha carta formal ao autor ou autora da obra de lectura obrigatoria empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e respectando as convencións do xénero.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual expresando a súa opinión a través da gravación dun booktráiler.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
----------



## Contidos

- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	A rula	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Produce textos sinxelos dirixidos a unha entidade social (mensaxaría, correo electrónico, comentario nun blog) segundo as pautas características destes textos.	TI	100
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa nun traballo de investigación colectivo sobre as redes sociais (orixe, tipos...) con boa actitude e empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Elabora un díptico en formato dixital que inclúe información sobre os riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Grava pílulas informativas nas que, con exemplos concretos, denuncia usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra amosando o seu rexeitamento.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza o léxico preciso enriquecendo o vocabulario dos seus traballos con axuda de dicionarios, tanto en soporte analóxico como dixital.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A pega	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) valorando estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.	PE	85
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Logo de subliñar as ideas principais dun texto de temática ambiental, redacta un resumo da información máis salientable elaborando ademais un esquema dos contidos tratados.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece e explica erros léxicos, gramaticais e ortográficos coa axuda de dicionarios e de manuais de consulta en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Logo de valorar a forma e o contido do borrador do álbum ilustrado colectivo, emprega procedementos comunicativos para melloralo e emendar o que for preciso.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Redacta correctamente oracións simples localizando nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa un texto dado solucionando problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora, a partir de modelos dados, unha páxina do álbum ilustrado colectivo sobre temática ambiental (mudanza climática, protección animal etc.).	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
8	A lagarta	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega expoñendo algún argumento para refutalos.	PE	100
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico substituíndoos pola forma galega correcta.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Interpreta o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero identificando situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, linguaxe sexista etc.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras identificando cales son as categorías gramaticais predominantes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Explica a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A xoaniña	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa activamente na planificación da peza (ensaios, decorados, vestiario) e na procura de información sobre a obra, o/a autor/a e a súa época, con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	100
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica o grao de formalidade da situación da peza teatral distinguindo o propósito comunicativo do seu personaxe e interpretando as súas intencións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Logo de procurar e contrastar información na biblioteca, elabora un xogo interactivo sinxelo de preguntas e respostas sobre a obra, o/a autor/a, o seu contexto histórico etc.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero dramático identificando na obra de lectura/peza teatral algúns dos seus principais elementos.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) identificándoos na obra de lectura obrigatoria (peza teatral).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En relación ás orientacións pedagóxicas, antes de comezar cada unidade didáctica, segundo a indicación do pedagogo galego Miguel Vázquez Freire, tratanse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se imparten. Só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de

maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción coa persoa docente. É moi relevante para esta a premisa de ensinar a aprender, segundo a cal a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida e por iso lle corresponde ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a que este busque por si mesmo a información que ten ao seu alcance para que o día de mañá saiba desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos no alumnado ao mudar de curso.

Sábase que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas. Por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias.

Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación metodolóxica versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquiera unha maior proxección internacional.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).
- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.
- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha



perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para aprofundar nestes contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ausubel, David (1976). <i>Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo</i> . México: Trillas.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). <i>Manual práctico de galego</i> . A Coruña: Baía Edicións.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). <i>Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografia</i> . Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Dosil, Benxamín (2015). <i>Escrita doada: consellos para redactar ben</i> . Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). <i>Manual de uso da lingua galega</i> . Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). <i>Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición)</i> . Vigo: Xerais.
Fernández Fernández, Isaac (2010). <i>Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera</i> . Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). <i>Diccionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega</i> . Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). <i>Estilística da Lingua Galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). <i>Ortografía da Lingua Galega</i> . Vigo: Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). <i>Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión</i> . A Coruña: Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). <i>Diccionario de uso para a comunicación</i> . Vigo: Xerais de Galicia
Regueira, Xosé Luís (2010). <i>Diccionario de pronuncia da lingua galega</i> . A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). <i>A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual</i> . Vigo: Xerais de Galicia
Torres Santomé, Jurjo (1995). <i>O Curriculum oculto</i> . Portugal: Porto.
Vázquez Freire, Miguel (1992). <i>O Curriculum</i> . Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Vilagrassa Grandia, Albert (2018). <i>A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat</i> . Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). <i>Gramàtica Pràctica del català</i> . Barcelona. Teide

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñeráse de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.



- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dun equipamento adecuado para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). De precisarse algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, solicitarase á Consellería a través dos informes correspondentes.

Alén dos materiais citados tamén se recomendan outros recursos en formato dixital:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida da consulta do expediente académico da alumna ou o alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado coñeza o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensino e a súa proposta didáctica ás súas necesidades. A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan. Adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico... constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Xunto co anterior, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou a etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	50	75	0	75	60	0	85
<b>Táboa de indicadores</b>	50	25	100	25	40	100	15

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	0	<b>44</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	100	<b>56</b>

### Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensino e aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse pola realización de proxectos e actividades comunicativas, o que redunda na presenza dunha maior porcentaxe do valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación: un 56 % a través de táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración etc) fronte a un 44 % a través de probas escritas.

Para a aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un dos instrumentos de avaliación indicados.

Realizaranse tres avaliacións ordinarias e, entre os últimos 15 días de curso, unha avaliación final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia no período ordinario.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación dos instrumentos de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel. Para o cálculo da nota media por trimestre, farase a media aritmética das unidades didácticas traballadas no mesmo.

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. No caso de recuperación ou subida de cualificación nalgunha das avaliacións non superadas ou nas que se acadara unha puntuación menor, a media realizarase empregando a cualificación máis alta. Para o cálculo da nota media ao final das tres avaliacións ordinarias precisarase que a alumna ou o alumno teña superadas as tres avaliacións ordinarias; de non ser así, terá que ser avaliada ou avaliado na avaliación final da materia, que se fará novamente coa media aritmética das notas medias dos tres trimestres ordinarios pero, cando menos, as cualificacións medias deses trimestres terán que ser iguais ou superiores a 3 puntos (por debaixo de 3 puntos non se fará media e a alumna ou o alumno non poderá xa superar a materia na avaliación final do curso).

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior (tendo en conta o procedemento de avaliación e, no seu caso, de recuperación que se indica no apartado 5.2 desta

programación), sendo as probas escritas só unha parte delas.

No caso de que a valoración reflita un número enteiro con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

### **Criterios de recuperación:**

En relación aos criterios de recuperación da materia para aquel alumnado que non supere algún ou todos os trimestres, o criterio inicial será o de que a alumna ou o alumno só terá que recuperar aquela parte ou partes da unidade didáctica non superadas e non repetir todas as aprendizaxes xa acadadas. Polo tanto, a partir desta premisa, establécense dúas liñas de actuación:

#### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO LONGO DOS TRIMESTRES**

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno. Polo tanto, pódense dar dous escenarios posibles:

- Antes de que se realice a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación, que se reflectirá xa na súa cualificación dese trimestre (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).
- Unha vez realizada a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación ao longo do resto de trimestres; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

Ao final do trimestre, o profesorado remitirá un informe individualizado á persoa titora para que o faga chegar ás familias no que se indique o plan de recuperación da materia específico para a alumna ou para o alumno sobre o que se leve traballado de curso.

#### **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO FINAL DE CURSO SOBRE O TOTAL DA MATERIA**

O alumnado que pese a recibir un plan específico de recuperación da materia en cada un dos trimestres no momento no que non superara unha unidade didáctica ou ao final do trimestre, non superara algunha das unidades didácticas, terá un prazo específico de 15 días (os primeiros 15 días de xuño) para acadar as aprendizaxes non superadas seguindo o plan de recuperación que terá como referente os mínimos de consecución da materia e que se entregará a finais do mes de maio. Indicaranse as tarefas que se deben realizar que, de forma xeral, serán as que non se superaron en cada unidade didáctica e trimestre.

No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por unidade didáctica e trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Do mesmo xeito, procederase no caso de alumnado interesado en mellorar a cualificación das súas aprendizaxes pese a que xa obtivera un resultado positivo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar.

#### SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación ao que terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poderán ser complementados cun caderno de actividades en formato físico. O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A persoa docente encargada de realizar o seguimento do plan de reforzo será a persoa que lle imparta docencia no curso actual (non será a persoa que imparte docencia no nivel que a/o alumna/o teña sen superar).

A cualificación de cada trimestre e a cualificación final de curso será decidida no Departamento de lingua galega e literatura segundo as indicacións acordadas pola persoa xefa do dito departamento e a valoración que realice a persoa que se encargue de facer o seguimento do plan de reforzo.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través da avaliación do traballo que se propoña ao alumnado a través de cadernos de traballo, un por trimestre. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que non se recollerán fóra da data sinalada. Os traballos conterán unha indicación na que se recolla a valoración que cada un deles terá na cualificación final do trimestre.

A materia pendente quedará recuperada cando a/o alumna/o acade unha avaliación positiva nos tres cadernos con actividades relativas ao currículo da materia Lingua Galega e Literatura de 1º ESO por trimestre. A cualificación, en tal caso, será a media que resulte da valoración de cada un dos trimestres aplicando as regras de redondeo establecidas no elemento 5.2 desta programación didáctica.

#### PROBA FINAL:

En caso de non recuperarse a materia pendente co traballo ao longo dos trimestres, ou en caso de querer aspirar a unha cualificación maior, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo segundo os criterios que esta programación establece. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oríéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 71 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o

máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención deste, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS).

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE).

No caso da existencia na aula de alumnado con TDAH, as medidas concretas que se aplicarían terán en conta o seguinte:

Aplicación do Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario. Entre as pautas e as estratexias que deben estar presentes no contorno da aula aplicaranse as seguintes actuacións:

- A/O alumna/o con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.
- Sentarase cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
- Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a súa proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais.

Poñeranse en marcha outras medidas como:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Conseguir a colaboración dunha compañeira ou dun compañeiro para que a/o axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

- Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todas e todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

No caso da existencia na aula de alumnado que teña que recibir unha adaptación curricular significativa, as medidas concretas que se desenvolvan realizaranse, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular. Seguirase, en todo caso, as indicacións recollidas na normativa de atención á diversidade publicada en Galicia.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algunha alumna ou algún alumno con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá, seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional						X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual			X			X		
ET.5 - A competencia dixital			X			X		
ET.6 - A creatividade	X		X				X	
ET.7 - O emprendemento social e empresarial						X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - O espírito científico	X					X	X	
ET.9 - O espírito crítico	X					X	X	
ET.10 - A educación en valores						X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde	X	X	X					
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X	X						
ET.13 - A igualdade de xénero								X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático						X	X	
ET.19 - Educación para a sustentabilidade	X					X	X	
ET.20 - A educación para o consumo responsable						X	X	
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.23 - Respecto mutuo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A educación emocional	
ET.2 - A comprensión da lectura	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X
ET.5 - A competencia dixital	X
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial	
ET.8 - O espírito científico	X
ET.9 - O espírito crítico	X
ET.10 - A educación en valores	
ET.11 - A educación para a saúde	X
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X
ET.13 - A igualdade de xénero	
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X
ET.17 - A formación estética	X



	UD 9
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático	
ET.19 - Educación para a sustentabilidade	
ET.20 - A educación para o consumo responsable	
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X
ET.23 - Respeto mutuo	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X

#### Observacións:

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Lingua Galega e Literatura pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presenza ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontro con autoras/es: obradoiro de poesía	Obradoiro de poesía impartido, se for posible, polo/a autor/a do libro de poemas proposto para o primeiro trimestre.	X		
Saída didáctica: excursión a Valença do Minho	Saída a Portugal para pór en práctica o aprendido na aula.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita cultural: Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego	Visita á Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego (Vigo).			X

#### Observacións:

Todas as actividades propostas teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

En relación ao obradoiro de poesía, nas primeiras semanas do curso o alumnado participará nun obradoiro de poesía, que será impartido, se for posible, polo/a autor/a do libro de poemas proposto para o primeiro trimestre. Esta actividade non só lle axudará ao alumnado a asimilar as características do xénero lírico e darlle claves de lectura do poemario, senón tamén a expresar os seus gustos lectores e a súa creatividade literaria.

Logo de rematar o primeiro trimestre e aproveitando a proximidade das vacacións de Nadal, o alumnado realizará unha saída didáctica a Portugal. Tendo en conta que a distancia co país veciño, abondará a xornada lectiva da mañá para visitar a localidade fronteiriza de Valença do Minho e pór en práctica o aprendido na aula (fórmulas de saúdo e despedida, de agradecemento e desculpa etc.). A actividade será organizada conxuntamente co Departamento de Xeografía e Historia.

A visita cultural á Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego (Vigo) poderá realizarse durante a Semana das Letras Galegas 2023. Esta é unha institución que acolle a colección de libros doada polo escritor á cidade olívica. A visita servirá para que o alumnado coñeza máis polo miúdo a figura deste insigne galeguista e valore o seu extenso legado intelectual.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
Metodoloxía empregada
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
Outros
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.

### Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento. Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro: "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas

correspondentes actas mensuais de departamento e, ao final de curso, na memoria final do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Estes indicadores propostos xiran arredor de distintas categorías e valoraranse nunha escala de 0 a 5 puntos. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...).

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Lingua Galega e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da programación didáctica, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia programación didáctica.
- Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión

de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da programación didáctica, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

- 1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
- 2. A secuenciación das unidades didácticas propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
- 3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
- 4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
- 5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
- 6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
- 7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
- 8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
- 9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: Plan lector, TIC, Convivencia....
- 10. Realizouse un seguimento regular da programación didáctica por parte do departamento.
- 11. Avaliouse o cumprimento da programación didáctica aplicando unha escala de 1 a 5.
- 12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da programación didáctica.
- 13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na programación didáctica do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da programación didáctica a través da aplicación Proens.

## **9. Outros apartados**